

GUIA DA ABAU e do ACCESO Á UNIVERSIDADE 2020

*Avaliación de Bacharelato para
o Acceso á Universidade*

Guía elaborada coa información disponible e actualizada a 26 de abril de 2020.



Mónica Diz Besada
monicadizorienta.blogspot.com

HISTORIA RECENTE E LEXISLACIÓN

Ata outubro de 2016 estaba prevista unha [avaliación final](#) necesaria para obter o título de bacharelato. Pero a situación política do país fixo que xurdiran acordos e en decembro de 2016 o Ministerio de Educación e as Comunidades Autónomas acordan modificar o calendario de aplicación da LOMCE e redefínese a avaliación final de bacharelato.



Publícase así o [Real Decreto lei 5/2016, do 9 de decembro de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da LOMCE](#), e no seu primeiro artigo regúlase que esta proba de avaliación final non será necesaria para obter o título de bacharelato e realizarase exclusivamente para o alumnado que queira acceder a estudos universitarios, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación.

Dentro deste curso académico o Ministerio publicou a [Orde PCI/139/2020, do 17 de febreiro](#), que determina as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das calificacións obtidas para o curso 2019-2020.

A continuación en Galicia publícase a [Resolución conxunta da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do 26 de febreiro de 2020](#) pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 19/20 da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para o curso 20/21.

Esta Resolución conxunta establece, na súa introdución, que as probas de acceso á universidade siguen estando reguladas pola [Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia](#). Isto supón que para o que non se regula na Resolución da ABAU hai que remitirse á Orde do 24 de marzo de 2011, que sigue vixente nalgúns contidos.

A [Comisión Interuniversitaria de Galicia \(CIUG\)](#) publicou para este curso 2019-2020 na súa web:

- [Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do sistema universitario de Galicia](#). Neste acordo publícanse as normas do cálculo da nota de admisión e acceso á universidade, os criterios específicos para a adxudicación das prazas, as cotas de reserva de prazas e a orde de prelación na adxudicación das prazas.
- As [Táboas de Ponderación 2020](#) que se van a ter en conta para a Parte Voluntaria da ABAU.
- Tamén se pode consultar as [notas de corte](#) do último curso.
- [Cambios importantes da ABAU 2020](#): Neste documento infórmase dos cambios calendario xeral e do horario da ABAU, dos cambios nos procedementos de reclamación á ABAU, así como dos cambios nos chamamentos para a matrícula.

MODIFICACIÓNS DA ABAU POR COVID-19:

A situación xerada pola evolución do COVID-19, supuxo a adopción de medidas extraordinarias no país en estado de alarma, e polo tanto modificacións no proceso de desenvolvemento da ABAU.

Así o Ministerio de Educación publica a [Orde PCM/362/2020, do 22 de abril](#), pola que se modifica a Orde PCM/ 139/2020, do 17 de febreiro, sobre a ABAU para o curso 2019-2020. Concretamente modifica os artigos 6, 8 y 9 da Orde PCM/139/2020, o cal supón a adaptación dos contidos da proba e a modificación das datas de celebración.

Cambios da ABAU establecidos polo Ministerio da Presidencia. Os cambios que se sinalan na Orde PCM/362/2020 son:

Artigo 6: Loxitude das probas.

1. Se realizará una prueba por cada una de las materias objeto de evaluación. En cada prueba, el alumnado dispondrá de una única propuesta de examen con varias preguntas.
2. En la elaboración de la prueba se tendrá en cuenta que el número de preguntas que deba desarrollar el alumno o alumna se adapte al tiempo máximo de realización de la prueba, incluyendo el tiempo de lectura de ésta.
3. El alumno o alumna tendrá que responder, a su elección, a un número de preguntas determinado previamente por el órgano competente en cada Comunidad. El citado número de preguntas se habrá fijado de forma que permita a todos los alumnos alcanzar la máxima puntuación en la prueba, con independencia de las circunstancias en las que este pudiera haber tenido acceso a la enseñanza y el aprendizaje durante la suspensión de la actividad lectiva presencial. Para realizar el número máximo de preguntas fijado todas las preguntas deberán ser susceptibles de ser elegidas.
4. Cada una de las pruebas de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad tendrá una duración de 90 minutos. Se establecerá un descanso entre pruebas consecutivas de, como mínimo, 30 minutos. No se computará como periodo de descanso el utilizado para ampliar el tiempo de realización de las pruebas de los alumnos con necesidades específicas de apoyo educativo a los que se les haya prescrito dicha medida.
5. La evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad tendrá, preferentemente, una duración de un máximo de cuatro días. En aquellas comunidades autónomas con lengua cooficial, tendrá, preferentemente, una duración de un máximo de cinco días.

Artigo 8: Contido das probas.

1. En cada una de las pruebas se procurará considerar al menos un elemento curricular de cada uno de los bloques de contenido, o agrupaciones de estos, que figuran en la matriz de especificaciones de la materia correspondiente. Al menos el 70% de la calificación de cada prueba deberá obtenerse a través de la evaluación de estándares de aprendizaje seleccionados entre los definidos en la matriz de especificaciones de la materia correspondiente, que figura en el anexo I de esta Orden y que incluye los estándares considerados esenciales. Las Administraciones educativas podrán completar el 30% restante de la calificación a través de la evaluación de estándares de los establecidos en el anexo I del Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre.
2. Los porcentajes de ponderación asignados a cada bloque de contenido en la prueba completa de cada materia, constituida por el total de preguntas que se le ofrecen para elegir al alumnado, harán referencia a la puntuación relativa que se asignará a las preguntas asociadas a los estándares de aprendizaje de los incluidos en dicho bloque. Estas ponderaciones son orientativas.
3. En la elaboración de cada una de las pruebas de la evaluación se procurará utilizar al menos un estándar de aprendizaje por cada uno de los bloques de contenido, o agrupaciones de los mismos, que figuran en la matriz de especificaciones de la materia correspondiente.

Artigo 9: Datas límite de realización das probas.

1. Las pruebas deberán celebrarse entre el 22 de junio y el 10 de julio de 2020. Los resultados provisionales de las pruebas serán publicados antes del 17 de julio de 2020.
2. Las pruebas correspondientes a la convocatoria extraordinaria deberán realizarse con fecha límite el 17 de septiembre de 2020, inclusive. Los resultados provisionales de las pruebas serán publicados con fecha límite el 23 de septiembre de 2020, inclusive.

Cambios concretados en Galicia:

En canto ó calendario das probas, xa a CIUG anunciara na súa web o 30 de marzo as [novas datas da ABAU](#), cuxa convocatoria ordinaria pasa a celebrarse o 7, 8 e 9 de xulo de 2020. A proba extraordinaria da ABAU celebrarase antes do 10 de setembro de 2020.

Con data 26.04.2020, estamos á espera de que se concreten por parte da [CIUG](#) as adaptacións das probas anunciadas polo Ministerio, o calendario e horarios da ABAU, así como calendario de acceso á universidade para o curso 20/21.

CALES SON AS CONDICIÓN S DE ACCESO DESDE O BACHARELATO?

Primeiro vamos a aclarar algúns termos relativos ao ingreso na universidade:

ACCESO: Obter o dereito a estudar en calquera universidade española, pública ou privada. Polo tanto este termo refírese a obter os requisitos que permiten ingresar na universidade. A nota de acceso á universidade é fixa e non varía dunha universidade a outra. Esta nota permanece para sempre, aínda que se pode repetir a ABAU para melloralala. Consíguese coa nota media entre as notas de bacharelato e a media da parte obrigatoria da ABAU.

ADMISIÓN: Conseguir o acceso a un grao determinado nunha universidade particular, polo que a admisión pode ser diferente en diferentes universidades ao valorar diferente as materias das que te examines na ABAU. Poderase obter notas de admisión diferentes en función dos graos e universidades que se soliciten. Este termo refírese por tanto a conseguir a praza nun grao nun centro desexado. A nota de admisión pode ser a mesma ca de acceso, ou pode ser mellorada incorporando a nota ponderada dos exames realizados na parte voluntaria da ABAU. A nota dos exames da parte voluntaria "caduca" aos dous anos. Vale para a convocatoria presente do curso en que se superou e para o seguinte ano.

NOTA DE CORTE: É a **nota de admisión** do último solicitante que se matriculou nun grao e nunha universidade determinada. Non é unha nota establecida previamente por ningún organismo. Esta nota ten un valor orientativo e pode variar á baixa ou subir dependendo do número de solicitantes e do número de prazas ofertadas en cada grao. A CIUG publica cada ano as notas de corte establecidas na admisión dese curso para cada grao.

Para acceder aos estudos oficiais de grao desde o bacharelato, na convocatoria de 2020, hai que cumprir os seguintes requisitos:

1. Aprobar Bacharelato (coa nota mínima de 5 ou máis).
2. Ter superada a fase obrigatoria da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), cunha nota mínima de 4 puntos.
3. Ter unha nota de Calificación de Acceso á Universidade (nota de acceso) de 5 puntos como mínimo.

COMO SE ORGANIZA A ABAU?

A proba de acceso á universidade divídese en dúas fases: unha chamada Parte Obrigatoria, e outra denominada Parte Voluntaria, con exames de materias vinculadas á rama de coñecemento universitario no que se inscribe o grao que queiras estudar.



Esta última fase é voluntaria, pero se a fas axudarache a subir a túa nota de acceso á universidade ata 4 puntos (poderías sacar un 14, nota máxima, en caso de acadaras un 10 en bacharelato). Se non a fas, a túa nota de acceso calcúlase sumando o 60% da túa nota de bacharelato, e un 40% da túa nota da Parte Obrigatoria. Neste último caso, a nota máxima que podes sacar é un 10. Máis adiante explicaremosche cómo decidir se presentarte á Parte Voluntaria ou non.

Os exames das materias das que te examinarás versarán sobre as materias xerais troncais da modalidade elixida en Bacharelato ademais de Lingua Galega e Literatura II (Parte obrigatoria) e das materias troncais de opción ademais da optativa de Lingua Estranxeira II (Parte Voluntaria). Todas as materias obxecto de exame na ABAU son de 2º curso de bacharelato.

Estarán exentos da realización da proba de Lingua Galega e Literatura II, aqueles que estiveran exentos da materia en 2º curso de Bacharelato (exención oficialmente autorizada pola Consellería de Educación).

EN QUE CONSISTE A PARTE OBRIGATORIA?

Na Parte Obrigatoria examínaste das materias xerais troncais cursadas en 2º de bacharelato. Consta dos seguintes exercicios:

- **Primeiro exercicio: *Lingua Castelá e Literatura II*.** Consiste en facer un comentario por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e cos contidos desta materia.
- **Segundo exercicio: *Lingua Galega e Literatura II*.** Igual que no primeiro exercicio pero relacionado cos contidos desta materia. Pódese solicitar a exención deste exercicio no impreso de matrícula da proba de acceso, se se estivo exento da materia en 2º de bacharelato.
- **Terceiro exercicio: *Historia de España*.** Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións da materia, nun formato de resposta que deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.
- **Cuarto exercicio: *Primeira Lingua estranxeira e Literatura II*.** Para este exercicio podes elixir entre alemán, francés, inglés, italiano e portugués, sempre que a cursaras en 2º de bacharelato como Primeira Lingua Estranxeira. Ao igual que no exercicio anterior, na solicitude de inscrición debes indicar de qué lingua estranxeira podes examinarte. Este exercicio valora a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita e non se poderá empregar o dicionario nin ningún outro material didáctico.
- **Quinto exercicio:** Materia xeral troncal vinculada á modalidade cursada en 2º de bacharelato. É dicir, dunha das materias troncais asociadas a unha das modalidades ou itinerarios que se cursan en Bacharelato:

| MODALIDADE / ITINERARIO DE BACHARELATO CURSADO | MATERIA TRONCAL VINCULADA PARA A PARTE OBRIGATORIA DA ABAU |
|--|--|
| Ciencias | Matemáticas II |
| Ciencias Sociais | Matemáticas Aplicadas ás CCSS II |
| Humanidades | Latín II |
| Artes | Fundamentos da Arte II |

Na solicitude de inscrición na proba de acceso, deberás indicar que materia de modalidade de 2º de bacharelato cursache. O exercicio consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións sobre a materia.

A nota desta materia utilízase dúas veces, para calcular a fase obrigatoria e tamén para ponderar na fase voluntaria.

Según a [Orde PCM/362/2020, do 22 de abril](#) en cada exame haberá unha única proposta con varias preguntas e o alumno/a terá que responder á súa elección a un número determinado de preguntas. As probas aumentarán a oferta de preguntas de preguntas e a opcionalidade dentro delas.

Cada un destes exercicios terá unha **duración máxima dunha hora e media (90 minutos)**. Haberá un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comenzo do seguinte.

Para cada exercicio pódese utilizar **calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma**, excepto para Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua estranxeira, que deberá realizarse nos seus respectivos idiomas.

Cada un dos exames desta fase xeral **puntúase de 0 a 10 puntos**, con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Resumo das materias de exame da Parte Obrigatoria

| CIENCIAS | HUMANIDADES | CIENCIAS SOCIAIS | ARTES |
|--|-------------|--|-------------------------|
| Historia de España | | | monicadizorienta |
| Lingua Castelá e Literatura II | | | |
| Primeira Lingua Extranxeira II (a materia cursada) | | | |
| Lingua Galega e Literatura II | | | |
| Matemáticas II | Latín II | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II | Fundamentos da Arte II |

COMO SE CALCULA A NOTA DA PARTE OBRIGATORIA?

Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais. A nota da parte obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Poñamos un exemplo:

- Primeiro exercicio: 7´30
- Segundo exercicio: 4´20
- Terceiro exercicio: 5´90
- Cuarto exercicio: 6´10
- Quinto exercicio: 7´80

Nota desta Parte Obrigatoria: $7´30 + 4´20 + 5´90 + 6´10 + 7´80 = 31´30/5 = 6´260$

QUE NOTA NECESITO PARA SUPERAR A PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE?

Considérase superada cando se obteña unha nota igual ou maior a 5 puntos na media ponderada entre a cualificación obtida na Parte Obrigatoria da ABAU (que conta un 40%) e a nota media de Bacharelato (que conta un 60%), e que se expresará con dous decimais, sempre que se acadara un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria.

Se acadas un 4 na Parte Obrigatoria necesitarás alomenos un 5'67 en Bacharelato para superar a ABAU. O cálculo é así: $(5'67 * 0'60) + (4 * 0'40) = 5$. Se acadas menos dun 5'67 en Bacharelato, necesitarás acadar máis dun 4 na ABAU para que a media ponderada sexa alomenos o 5 necesario para aprobar.

Para o cálculo da nota media de bacharelato, para efectos de acceso á universidade, compútanse todas as materias cursadas en bacharelato.

A cualificación da Parte Obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

EN QUE CONSISTE A PARTE VOLUNTARIA?

Mentres que a Parte Obrigatoria é imprescindible superala para acceder a calquera grao, a Parte Voluntaria é completamente optativa e permíteche sumar ata 4 puntos a túa nota de admisión.

En que consisten os exercicios da Parte Voluntaria?

Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao coñecemento e capacidades que deban ser avaliadas cun formato de resposta que garanta a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación.

A duración de cada exercicio será dunha hora e media (90 minutos) e haberá un intervalo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte. Terás dúas opcións das que terás que elixir unha e poderás contestar en Lingua Castelá ou Lingua Galega.

Na solicitude de matrícula deberás indicar as materias das que te examinarás.

A que materias me podo presentar na Parte Voluntaria?

Na *Parte Voluntaria* cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias que poderá escoller de entre as **materias de opción** do bloque das materias troncais de calquera modalidade, e/ou das **materias xerais troncais** de modalidade distintas daquela da que se examinen na *Parte Obrigatoria*, todas de 2º curso de bacharelato.

Tamén se poderá escoller como materia da Parte Voluntaria a optativa de **2ª Lingua Estranxeira II**, sempre e cando sexa diferente da opción lingüística escollida na Primeira Lingua Estranxeira II.

Nesta parte non é obrigatorio ter cursado as materias en 2º de bacharelato así que poderase escoller materias doutra modalidade ou itinerario.

Materias de exame da Parte Voluntaria (Escoller un máximo de 4 materias)

| | CIENCIAS | HUMANIDADES | CIENCIAS SOCIAIS | ARTES |
|--|---|--|--|--|
| Das das materias xerais troncais doutra modalidade | Latín II Mat. Aplicadas CCSS II Fundamentos da Arte II | Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Fundamentos da Arte II | Matemáticas II Latín II Fundamentos da Arte II | Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Latín II |
| Ou das materias troncais de opción de calquera modalidade | Bioloxía Debuxo técnico II Física Xeoloxía Química Economía da Empresa Xeografía Grego II Historia da Arte Historia da Filosofía Artes Escénicas Cultura Audiovisual II Deseño monicadizorienta | | | |
| Ou da materia Optativa | Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano, Portugués). | | | |

Todo o resto das materias de bacharelato non son obxecto de exame na ABAU por ser materias específicas ou de libre configuración. Lembra: So podes examinarte de materias troncais, de Lingua Galega e Literatura II (libre configuración autonómica), e da optativa de Segunda Lingua Estranxeira II.

Ten en conta que para mellorar a nota de admisión vaise considerar tamén a nota ponderada da materia troncal xeral vinculada á túa modalidade, da cal te examinache na Parte Obrigatoria.

Así que se decides presentarte a máis de unha materia na Parte Voluntaria (podes presentarte ata catro), só terán en conta as dúas mellores notas, contando tamén coa nota da materia troncal xeral.

Que materias escollo para examinarme na Parte Voluntaria?

Debes examinarte das materias que se corresponden, en xeral, coa rama de coñecemento onde se inscribe a titulación que che interesa, e concretamente, que **ponderan** o seu valor (0´1 ou 0´2) para o grao ou graos aos que desexas acceder.

Dentro de cada rama universitaria, cada universidade poderá sinalar as materias concretas que considera prioritarias para un determinado título. Así que se xa sabes que titulación queres estudar e en que universidade, o mellor é que consultes directamente na universidade que che interesa as súas táboas de ponderación. As universidades publican cada ano estes datos (**táboas de ponderación**) nas súas webs e adoitan ser comúns para todas as universidades dunha mesma comunidade (como é o caso de Galicia).

As materias da *Parte Voluntaria* podes elixilas libremente. Non é necesario que pertencan á túa modalidade, nin siquiera é necesario que as cursaras.

Por exemplo, imaxina que estudache o bacharelato de Ciencias Sociais, pero queres estudar Terapia Ocupacional. Pois neste caso, na *Parte Voluntaria*, debes examinarte de materias vinculadas á rama de coñecemento de Ciencias da Saúde porque Terapia Ocupacional está adscrita á rama de Ciencias da Saúde.

Obviamente, será máis fácil superar a Parte Voluntaria se estudache a modalidade de bacharelato relacionada (neste caso Ciencias), pero nada che impide optar á titulacións “fóra” da túa modalidade.

Se a túa nota de admisión é suficiente para obter unha das prazas de Terapia Ocupacional, poderás acceder igualmente a este grao aínda que cursaras un bacharelato de Ciencias Sociais. Pero se desexas mellorar a nota só te poderías presentar ás materias de Ciencias da Saúde, que segun ás táboas de ponderación son Matemáticas II, Física, Química e Bioloxía.

É moi importante decidir ben que materias escoller para examinarse desta parte pois cada un dos exames voluntarios suporá sumar como mínimo medio punto á túa nota de admisión (valor ponderado de 0'1), e ata dous puntos se a universidade sinalou esa materia como unha das prioritarias (valor ponderado de 0'2).

Convén escoller sempre materias que ponderan 0'2 na Parte Voluntaria porque un 5 nunha materia que pondera 0'2 ($5'00 * 0'2 = 1$) é igual que un 10 nunha materia que pondera 0'1 ($10'00 * 0'1 = 1$).

A continuación podes ver como se calculan os puntos da Parte Voluntaria.

COMO SE CALCULAN OS PUNTOS QUE OBTENHO PRESENTÁNDOME Á PARTE VOLUNTARIA?



As cualificacións dos exames desta parte irán de 0 a 10 e para que conten é necesario acadar un 5.

Cada unha das materias da Parte Voluntaria das que te examines será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A notas que acadas en cada materia multiplícanse por 0'2 ou 0'1 segun as táboas de ponderación.

Estes resultados logo súmanse e engádense á túa nota de acceso, que é a media ponderada entre a túa nota de bacharelato e a túa nota da Parte Obrigatoria.

No mellor caso, se te examinas de dúas materias que ponderan 0'2 para a titulación que queres estudar, e acadas un 10 en ambas, sumarás o máximo de 4 puntos adicionais directamente á túa nota de admisión. Calcúlase así: $(10 * 0'2) + (10 * 0'2) = 4$

Poñamos outro exemplo:

- Nota de Bacharelato: 7'80
- Nota da parte obrigatoria: 7'200
- Nota de acceso: $(0'60 * 7'80) + (0'40 * 7'200) = 7'560$

Parte Voluntaria:

- Materia 1 (pondera 0'2): 9'20
- Materia 2 (pondera 0'1): 8'40
- Puntos adicionais: $(9'20 * 0'2) + (8'40 * 0'1) = 2'68$
- Nota de admisión: $7'560 + 2'68 = 10'240$

Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Tamén para mellorar a nota de admisión terase en conta a cualificación obtida na materia xeral troncal da Parte Obrigatoria, vinculada a cada modalidade (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e Fundamentos da Arte II), sempre e cando a cualificación acadada nesa materia sexa igual ou superior a 5 puntos. Así que en realidade dispónse de 5 posibles materias para mellorar a nota de admisión, a troncal (da Parte obrigatoria) e 4 materias (da Parte Voluntaria).

Por exemplo: Un estudante ten interese por acceder aos graos de Bioloxía ou Química. No primeiro grao valórase con 0'2 as materias de Bioloxía, Xeoloxía, Física, MatemáticasII e Química, no segundo grao solo se valora con 0'2 Física, MatemáticasII, Química e Bioloxía. Este estudante sabe que Matemáticas II xa está incluída porque está na Parte Obrigatoria. Pero para a Parte Voluntaria pode elixir todas as demais, así que decide presentarse a Bioloxía, Química e Física.

No exemplo anterior, o estudante conta con catro materias para subir nota na Parte Voluntaria, aínda que solamente se terán en conta as dúas materias con maior nota (despois de aplicar as ponderacións)

Lembra que se decides examinarte a máis de unha materia na Parte Voluntaria, só se terán en conta as dúas mellores notas acadadas, contando tamén coa nota da materia troncal xeral vinculada.

Aos efectos de poderación a **calificación das materias da Parte Voluntaria e da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria terán validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación**; así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2019, a validez destas será para o acceso á universidade no curso 2020-2021 e 2021-2022.

CONVÉN PRESENTARSE Á PARTE VOLUNTARIA?

A recomendación é moi sinxela. Se a titulación que queres estudar non ten límite de prazas na universidade onde queres estudar, non che fai falta que te examines da Parte Voluntaria. Só necesitas aprobar a Parte Obrigatoria para entrar nesa titulación, pois a ABAU supérase unicamente tendo en conta a túa nota na Parte Obrigatoria.

A Parte Voluntaria, en caso de non superala, non afecta á nota de acceso obtida, só serve para subir nota. **Se suspendo os exames da Parte Voluntaria non me baixarán a nota da ABAU.**

Para que o resultado destes exames che permita subir a nota debes acadar unha puntuación mínima de 5.

Se onde queres estudar, hai prazas limitadas para a titulación que máis che interesa, deberías sen dúbida facer a Parte Voluntaria, incluso se tes moi boas notas. Por que? Supoñamos que tes unha media de 9 en Bacharelato. Acadas tamén un 9'00 na Parte Obrigatoria e a titulación que queres estudar tivo o ano pasado unha nota de corte de 7. Entrar parece sinxelo, non? Pois se non fas a Parte Voluntaria, non. Ten en conta que é probable que moitos estudantes desexen acceder á mesma titulación ca ti, e van examinarse da Parte Voluntaria. Imaxina a alguén que ten un 6'50 de media en bacharelato, acada un 6'500 na Parte Obrigatoria, e logo fai a Parte Voluntaria e acada 6'50 e 6'50 en dúas materias que ponderan 0'2. Pois a súa nota de acceso sería 9'100. Entraría antes ca ti, co seu 6'50 pois superaría teu 9'00 en Bacharelato.

O cálculo sería así:

- Nota de Bacharelato: 6'50
- Nota da Parte Obrigatoria: 6'500
- Nota de acceso: $(0'60 * 6'50) + (0'40 * 6'500) = 6'500$

Parte Voluntaria:

- Materia 1 (valorada con 0'2): 6'50
- Materia 2 (valorada con 0'2): 6'50
- Puntos adicionais: $(6'50 * 0'2) + (6'50 * 0'2) = 2'60$
- Nota de admisión: $6'500 + 2'60 = 9'100$

Conclusión: Se a titulación que che interesa ten as prazas limitadas, deberías facer a Parte Voluntaria. Do contrario, por moi boas notas que teñas, arríscaste a quedarte fóra. Ten en conta tamén, que actualmente, todas as titulacións do Sistema Universitario Galego teñen límite de prazas.

COMO SE CALCULAN AS NOTAS DE ACCESO E DE ADMISIÓN?

A túa nota de acceso é a seguinte:

Nota de acceso = 0´6 * NMB + 0´4 * CPO


NMB: Nota media de bacharelato
CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria

A túa nota de admisión é a seguinte:

Nota de admisión = 0´6*NMB + 0´4*CPO + a * M1 + b * M2

NMB: Nota media de bacharelato
CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria
M1, M2: Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente, que proporcionen mellor nota de acceso, unha vez aplicados os parámetros de ponderación.
a, b: Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade que proporcionen mellor nota de acceso.

Cálculo da nota:



A **nota de admisión** incorporará as cualificacións das **materias da Parte Voluntaria** e/ou da **materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria** no caso de que as devanditas materias sexan consideradas prioritarias para o título ao que se queira ser admitido, dacordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2020-2021.

Se un estudante non se presenta a algún dos exercicios da Parte Obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará NON PRESENTADO (NP), pero a efectos do cálculo da Nota Media computará como 0.

POR QUE É TAN IMPORTANTE A NOTA DE ADMISIÓN?



Cando un grao ten límite de prazas, é dicir, ten menos prazas disponibles que número de estudantes queren acceder a ese grao en dita universidade, o único criterio que as universidades públicas teñen para conceder ou denegar unha praza é a nota de admisión dos estudantes.

O proceso é o seguinte: todas as solicitudes que a universidade recibe de estudantes que queren estudar un determinado grao son ordenadas de maior a menor nota e vanse adxudicando as prazas a aqueles estudantes que teñen mellor nota de admisión. O último estudante que consegue entrar nun determinado grao e universidade é o que marca a **nota de corte** para ese ano, e serve de estimación para o ano seguinte. Por iso, as notas de corte cambian dun ano a outro, xa que depende do número de prazas que se oferten no grao e do número e da nota media dos alumnos que soliciten entrar nese grao. Esa nota pode variar cada ano un mesmo grao, polo que deben considerarse só unha orientación para o ano seguinte.

PODEREI TER DIFERENTES NOTAS DE ADMISIÓN?

Sí. Un estudante terá diferentes notas de admisión en función das universidades e titulacións nas que solicite admisión. Poñamos un exemplo dun estudante que ten as seguintes notas e que quere estudar **Medicina**:

- Nota *media de bacharelato*: 9'00
- Nota *da Parte Obrigatoria*: 8'00
- Nota *de acceso antes de realizar a Parte Voluntaria*: $(0'60 * 9'00) + (0'40 * 8'00) = 8'600$

Parte Voluntaria:

- *Materia 1: Química* 8'50
- *Materia 2: Bioloxía* 8'20
- *Nota da materia troncal xeral (matemáticas II)*: 7'00

Na universidade onde quere estudar Medicina tanto Química como Bioloxía teñen multiplicador de 0'2.

No caso deste estudante, a súa nota de admisión para Medicina nesta Universidade sería:

$$(0'60 * 9'00) + (0'40 * 8'00) + (0'2 * 8'50) + (0'2 * 8'20) = 11'94$$

Para Medicina non se terá en conta a nota de matemáticas II para mellorar a nota de admisión porque en Química e Bioloxía acadou mellores notas e ademais ponderan 0'2, matemáticas II só pondera 0'1.

Se ademais decide solicitar praza noutra titulación da mesma rama de coñecemento (Ciencias da Saúde), como Psicoloxía, onde Química e Matemáticas ponderan 0'1 e Bioloxía pondera 0'2, a súa nota de admisión sería:

$$(0'60 * 9'00) + (0'40 * 8'00) + (0'2 * 8'20) + (0'1 * 8'50) = 11'09$$

Polo tanto, os estudantes que soliciten praza en diferentes estudos e universidades, terán diferentes notas de admisión que se calcularán en función da ponderación (0'1 ou 0'2) das materias ás que se presentou na Parte Voluntaria e que pode variar dependendo da titulación.

DURANTE CANTO TEMPO TEN VALIDEZ A MIÑA NOTA DE ACCESO E ADMISIÓN?

A nota da Fase Obrigatoria non caduca, será definitiva a non ser que te presentes para mellorar nota. En cambio, a Fase Voluntaria solo che servirá para dous cursos, o curso no que aprobes as materias e no seguinte curso.

Aos efectos de poderación a **calificación das materias da Parte Voluntaria e da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria terán validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación**; así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2020, a validez destas será para o acceso á universidade nos cursos 2020-2021 e 2021-2022.

No caso de que non superes a Fase Obrigatoria, as túas notas da Fase Voluntaria descártanse aínda que as aprobas.

PODERIA ENTRAR NUN GRAO COMO PSICOLOXÍA AINDA QUE O MEU BACHARELATO SEXA O DE ARTES?

En principio sí. Cando un estudante quere acceder a un grao onde hai máis demanda que oferta, a admisión faise por orde estricto da nota de admisión.



Quizais penses entón que a modalidade de bacharelato que se estuda non ten tanta importancia pois un estudante de Artes pode solicitar praza para estudar un grao doutra rama, como por exemplo en Psicoloxía. Efectivamente é posible, pero non hai que esquecer que os graos máis demandados teñen materias vinculadas que permiten aos estudantes subir nota. E se para Psicoloxía as materias de Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, Historia da Filosofía, Bioloxía e Química, permiten sumar puntos na nota de acceso á universidade, loxicamente un estudante que se preparou no Bacharelato de Ciencias ou Ciencias Sociais terá moitas máis posibilidades de subir nota, que un estudante que cursou o Bacharelato de Artes, onde non estudou ningunha desas materias vinculadas.

Por outra banda, hai que pensar que o Bacharelato debe darche unha base segura para levar o grao con éxito. Se por exemplo un estudante que cursa o Bacharelato de Artes decide solicitar praza nunha enxeñaría que ten unha nota de corte de 5´00, é 100% seguro que entrará no grao. Pero o máis probable é que a abandone, pois é moi difícil seguir o ritmo das clases sen ter unha base previa en materias como matemáticas, física,

CANTAS CONVOCATORIAS TEÑO PARA SUPERAR A ABAU

Non hai límite de convocatorias para superala. Cada ano celébranse dúas convocatorias: unha ordinaria e outra extraordinaria, normalmente en xuño e xullo, pero no 2020, debido ó **COVID-19** estas convocatorias celebráranse en xullo e setembro.

No curso 2020 as datas das dúas convocatorias en Galicia son as seguintes:

DATAS DA CONVOCATORIA DE XULLO: 7, 8 e 9 de xullo (martes, mércores e xoves)

DATAS DA CONVOCATORIA DE SETEMBRO: a determinar, celebraranse antes do 10 de setembro.

O alumnado que participe na convocatoria ordinaria poderá presentarse á convocatoria extraordinaria para a mellorar das cualificacións. Terase en conta a cualificación obtida sempre que sexa superior a anterior.

A matrícula da convocatoria ordinaria non serve para a convocatoria extraordinaria. Para cada convocatoria débese formalizar unha nova matrícula e pagar as taxas correspondentes.

SE SUPERO A PROBA, PODO VOLVER A PRESENTARME PARA MELLORAR A NOTA?



Sí. Poderás presentarte en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da Parte Obrigatoria ou de calquera das materias da Parte Voluntaria. A Fase obrigatoria habería que realizala completa. **Considérase sempre a cualificación superior entre as obtidas.**

Debes ter en conta que en setembro podes repetir a fase que queiras para subir nota, pero aínda que acades mellor nota non terás prioridade para entrar nese ano sobre os de xullo pois estes xa foron admitidos e matriculados. Se queres ter prioridade igual que os da convocatoria ordinaria deberás esperar ao ano seguinte para solicitar praza no período ordinario.

SE NON ESTOU DACORDO COAS NOTAS, COMO PODO RECLAMAR?

Cando publiquen as cualificacións se non estás dacordo, dispós de tres días para presentar unha **solicitud de revisión**. Aquí explicamos os pasos a seguir deste proceso único de revisión:

1º PASO:

No prazo de tres días contados a partir da data de publicación das cualificacións, poderase solicitar revisión da cualificación nun ou varios exames.

Neste caso os exercicios serán revisados e analízase se houbo algún erro material na corrección do exame (sumas mal calculadas ou preguntas sin corrixir). No caso de existir algún erro deste tipo modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A nova cualificación pasa a ser provisoria e asígnaselle unha "P". En caso de non haber erros materiais a cualificación provisoria é a orixinal e asígnaselle tamén unha "P".

2º PASO:

A continuación realízase unha segunda corrección por un corrector/a especialista distinto ó que realizou a primeira corrección. A esta segunda corrección asígnaselle a letra "S". Se esta segunda corrección ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P $(S+P)/2$.

No suposto de que existise unha diferenza maior a dous puntos entre ambas cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores fará unha terceira corrección, indicada por "T". Neste caso a cualificación definitiva será a media aritmética entre as tres cualificacións: P, S e T $(P+S+T)/3$.

Todo este procedemento deberá efectuarse no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir do día en que remata o prazo para solicitar a revisión.

| | |
|---|---|
| Cualificación indicada coa letra P | Cualificación provisional |
| Cualificación indicada coa letra S | Segunda corrección. A cualificación resultante será a media entre P e S |
| Cualificación indicada coa letra T | Terceira corrección. A cualificación resultante será a media entre P, S e T. |

¿Como solicito a revisión?

A solicitude de revisión preséntase nos LERDs cun impreso específico ou directamente a través da aplicación Nerta.

¿Podo ver o exame?

O estudante ten dereito, previa solicitude, a ver o exame corrixido na data e lugar que se lle indique, unha vez finalizado na súa totalidade o proceso de revisión

O prazo para solicitar ver o exame será de 10 días contados desde que se lle notifique a o resultado da revisión.

¿E se non estou dacordo coa cualificación definitiva despois do proceso de revisión?

Contra a resolución adoptada pola CiUG, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación ante a propia CiUG. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou se produza o acto presunto.

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO DERIVADA DE DISCAPACIDADE



Para o alumnado con NEAE derivada de discapacidade adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, como: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e do recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

A determinación destas medidas basearase nas adaptacións curriculares realizadas que se realizaron ao logo da etapa de bacharelato.

Particularmente, contemplaranse medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para alumnado con discapacidade auditiva, con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala, medidas para alumnado con dislexia. Estas adaptación en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

O alumnado que requira estas adaptacións deberá solicitar as medidas ao presidente do Tribunal Único da proba. As solicitudes, deberán facerse a través dos Departamentos de Orientación dos centros de Educación Secundaria nos que o alumnado cursase os estudos de Bacharelato, antes do 4 de febreiro de 2020. As probas serán realizadas, en función da adaptación que precisen, na Comisión Delegada 25 sita en Pontevedra ou auxiliares.

Información específica na [web da CIUG](#):

- [Corrección exames Dislexia](#)
- [Procedemento](#)
- [Normativa](#)
- [Solicitud de adaptación nas probas de avaliación de bacharelato para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo](#)

ESTUDAR NOUTRA COMUNIDADE OU EN UNIVERSIDADES PRIVADAS

Debo presentarme á Parte Voluntaria se quero estudar nunha universidade privada? A Parte Voluntaria é opcional, pero como cada universidade privada pode establecer criterios propios de acceso, debes consultar nas universidades que che interesan.

Quero estudar noutra comunidade: Se queres asegurar a mellor nota posible deberás ter en conta as súas propias táboas de ponderación das materias prioritarias para a fase específica, que non teñen porque coincidir coa ponderación establecida na nosa comunidade. Ten en conta ademais que para estudar en universidades públicas de comunidades diferentes debes realizar unha preinscripción por cada comunidade autónoma que estás considerando. Esta preinscripción é compatible coa que fagas en Galicia.

PROCESO DE ADMISIÓN ÁS ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA



O proceso de acceso constará de **dúas convocatorias de preinscripción**: Ordinara (xullo) e extraordinaria (setembro). As datas para a entrega de solicitudes de acceso serán as mesmas para todo o sistema universitario de Galicia están publicadas na web da CIUG.

Todos os trámites administrativos do proceso de acceso, o alumnado deberá facelos a través da [aplicación NERTA](#) ou no LERD (lugar de entrega e recollida de documentación), que están repartidos polos diversos campus de Galicia. Deberá elixir o LERD do campus escollido en primeiro lugar na solicitude de preinscripción.



O alumnado deberá cubrir un único impreso de solicitude ou solicitude online en Nerta, onde poderá indicar **ata cinco titulacións universitarias diferentes, cun máximo de dez peticións no caso de que a ensinanza se imparta en máis dun centro de Galicia.**

Resérvanse prazas (cupos) para determinados colectivos ([ver condicións neste enlace](#)):

- Os que acceden por proba para maiores de 25 anos: 2%
- Os que superen a proba de acceso para maiores de 45 anos: 2%
- Os que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%: 5%
- Deportistas de alto nivel: 3% (8% para Fisioterapia e Ciencias da Actividade Física)
- Os que teñan xa unha titulación universitaria: 1%

A orde de adxudicación das prazas é a seguinte:

1º Primeiro adxudícanse as prazas a quen cumpra os requisitos en xullo deste ano (convocatoria ordinaria deste ano) ou en anos anteriores (convocatoria ordinaria ou extraordinaria de anteriores cursos).

2º En segundo lugar, adxudícaranse prazas aos estudantes que cumpran os requisitos de acceso en setembro deste ano (convocatoria extraordinaria deste ano curso).

En todo caso, deberase ter en conta que o alumnado que presente a preinscripción na convocatoria de setembro, terá prioridade só en setembro, aínda que cumpra os requisitos en xullo deste ano ou en anos anteriores. É dicir, terá a mesma consideración que os estudantes que superen a ABAU en setembro.

En cada colectivo do apartado anterior adxudicaranse as prazas por maior nota de admisión.

A CIUG asignará as prazas en cada titulación en cada un dos chamamentos que se establezan e publicará sucesivos listados se admitidos. Despois de publicarse cada listado de admitidos dispónse de dous días para realizar a matrícula.

Despois de cada chamamento **se o alumno foi admitido na titulación de maior preferencia, deberá facer a matrícula nos dous días seguintes**, pois do contrario perderá todos os seus dereitos. **De ser admitido nunha titulación de menor preferencia pode matricularse ou non, e esperar** a ver se é admitido nunha titulación de maior preferencia ata que se anuncie o **peche** da matrícula nesa titulación.

No caso de elixir non matricularse deberá confirmar o seu interese en seguir nas listaxes de espera das titulacións de maior preferencia. **De non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos.**

Poderase consultar os listados de espera en Internet, accedendo co contrasinal, e valorar a posición na que se atopa na lista de espera.

No seguinte apartado podes ler a información literal e detallada publicada na web da CIUG sobre o proceso de matriculación.

PROCEDIMENTO PARA MATRICULARSE NA UNIVERSIDADE

[\(Consultar a información na web da CIUG\)](#)

PROCEDIMENTO: (Pendente de publicación pola CIUG)

CALENDARIO: (Pendente de actualización pola da CIUG)

A **formalización da matrícula realízase online**, accedendo aos enlaces de cada unha das universidades de Galicia, e que están disponibles na páxina web da CIUG.

- UNIVERSIDADE DA CORUÑA: <https://matricula.udc.es/matriculaprimeiro/>
- UNIVERSIDADE DE VIGO: <https://matricula.uvigo.es/matriculaprimeiro/>
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: <https://matricula.usc.es/matriculaPrimeiro/>

DATAS IMPORTANTES A TER EN CONTA ANTES E DESPOIS DA ABAU

(Pendente de publicación)

| DATAS IMPORTANTES ANTES DA ABAU 2020 | | |
|--|--------------------------|---|
| | TITULADOS EN XUÑO | TITULADOS EN SETEMBRO |
| ÚLTIMO DÍA PARA A AVALIACIÓN EN 2º BACHARELATO E RECLAMACIÓN | | |
| MATRÍCULA DA ABAU | | |
| CONSULTA EN NERTA da listaxe provisional de matriculados e reclamación se procede. | | |
| DATAS DOS EXAMES DA ABAU | 7, 8 e 9 de xullo | Por determinar (antes do 10 de setembro) |

| DATAS IMPORTANTES DESPOIS DA ABAU 2020 | | |
|---|------------|---------------|
| | ABAU XULLO | ABAU SETEMBRO |
| PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓN | | |
| SOLICITUDE DE REVISIÓN | | |
| PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS | | |
| PREINSCRIPCIÓN NA UNIVERSIDADE | | |
| MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE | | |

HORARIO DA ABAU

(Pendente de publicación)

INSTRUCCIÓNES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ABAU

[Enlace ás instrucións específicas para os días de exame.](#)
[Vídeo explicativo do desenvolvemento dos exames.](#)

Máis información en:
<https://ciug.gal/gal>

